

ANEXO I

PARA PAIS/NAIS OU TITORES/AS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

Como pais/nais ou titores legais de alumnado menor de idade matriculado no presente curso académico na Escola Oficial de Idiomas da Coruña, queremos darlles a benvinda á nosa comunidade educativa e informalos do protocolo que se seguirá para o control de faltas de asistencia do alumnado e información de ausencias do profesorado.

1. ASISTENCIA E FALTAS DO ALUMNADO

A información sobre as falta de asistencia do alumnado está á súa disposición na plataforma **CentrosNet**, á que se accede dende a web da EOI.

Para acceder, precisará introducir os seguintes datos:

- Usuario: nº de expediente (carné da EOI do/a alumno/a) ou data de nacemento do alumno/a (00/00/0000)
- Contraseñal: nº do DNI do/a alumno/a (sen letra)
- Contraseñal persoal

2. AUSENCIA DO PROFESORADO.

A Escola Oficial de Idiomas **non dispón de profesorado de garda** que se poida facer cargo do alumnado cando o profesorado non pode impartir a súa clase. Nestes casos, seguirase o seguinte protocolo:

2.1. Ausencia prevista:

A información sobre a ausencia do profesorado está a disposición da comunidade educativa na web da EOI, no apartado “Ausencias”, ao que se pode acceder desde o menú superior. Neste caso, o pai/nai ou titor/a deberá comprometerse a non enviar o menor ao centro ata que o/a profesor/a se reincorpore ou sexa substituído/a.

2.2. Ausencia imprevista. Cando a ausencia do profesorado é motivada por unha causa imprevista, os pais, nais ou titores do menor terán que ou ben vir a recoller ao menor ao seu cargo ou autorizalo a volver para casa só, asinando o impreso que se inclúe na seguinte páxina.



IMPRESO QUE DEBEN CUBRIR PAIS/NAIS/TITORES DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

**Este impreso debe entregarse coa documentación da
matrícula na secretaría da escola**

Anexo II

Nome do alumno/a

Curso..... Idioma Horario.....

D/Dña pai/nai/titor/a do/a
alumno/a arriba mencionado/a, con número de teléfono
..... e enderezo electrónico

***(por favor, indique un teléfono e enderezo actualizado, xa que calquera
comunicación será por estes medios)***

DECLARO que fun informado/a do proceso que se seguirá para a notificación
das faltas do/a menor ao meu cargo e das ausencias do profesorado.

En canto ás faltas do/a menor, comprométome a consultar a información na
plataforma CentrosNet.

Polo que respecta ás ausencias **previstas** do profesorado, comprométome a
consultar a información na páxina web da Escola Oficial de Idiomas da
Coruña e a non enviar o/a menor ao meu cargo ao centro ata que o profesor/a
se reincorpore ou sexa substituído/a.

No caso de tratarse dunha ausencia imprevista, entendo que o meu fillo/a
poderá abandonar o centro.

A Coruña, a _____ de _____ de 20____

Sinatura

DIRECTORA DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DA CORUÑA